Rúbrica do reto (versión docente)

Ítem	4	3	2	1
Uso de técnicas secas	Sabe elixir conscientemente as técnicas secas necesarias, logo de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. Emprega con dominio e precisión a técnica seca escollida, sen precisar axuda. Recoñece as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	Sabe elixir as técnicas secas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. Emprega adecuadamente a técnica seca escollida, ainda que precise axuda nalgunha ocasión. Recoñece, minimamente, as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	Precisa axuda para elixir as técnicas secas necesarias, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos. Non emprega de xeito autónomo a técnica seca escollida, precisando axuda para traballar. Non recoñece de xeito autónomo as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas.	Non escolle as técnicas secas necesarias, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos. Non emprega a técnica seca escollida. Non recoñece as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas.
Uso de técnicas húmidas	Sabe elixir conscientemenmente as técnicas húmidas necesarias, logo de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. Emprega con dominio e precisión a técnica húmida escollida, sen precisar axuda. Recoñece as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	Sabe elixir as técnicas húmidas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica. Emprega adecuadamente a técnica seca escollida, aínda que precise axuda nalgunha ocasión. Recoñece minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	Precisa axuda para elixir as técnicas húmidas necesarias, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos. Non emprega de xeito autónomo a técnica húmida escollida, precisando axuda para traballar. Non recoñece de xeito autónomo as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas.	Non escolle as técnicas húmidas necesarias, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos. Non emprega a técnica húmida escollida. Non recoñece as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas.
Apreciación do volume	Experimenta con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de producciónns artísticas propias e orixinais. Representa perfectamente a sensación de volume empregando gran variedade de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Experimenta con algunha técnica bidimensionai e tridimensionai na xeración de producciónns artísticas. Representa adecuadamente a sensación de volume empregando certas linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Precisa axuda na escolla dalgunha técnica bidimensionai e tridimensionai na xeración de producciónns artísticas Representa con dificultade a sensación de volume empregando certas linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Non emprega as técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de producíons artísticas. Non pode representar a sensación de volume.
Aprendizaxe da arte urbana	Recoñece e identifica a perfección a linguaxe, técnicas e formatos empregados pola arte urbana. Introduce elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de proxectos de arte urbana. É creativo no uso das diferentes técnicas e formatos propios da arte urbana.	Recoñece e identifica sen moita dificultade a linguaxe, técnicas e formatos empregados pola arte urbana. Introduce algúns elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de proxectos de arte urbana. Ás veces é creativo no uso das diferentes técnicas e formatos propios da arte urbana.	Recoñece e identifica con dificultade a linguaxe, técnicas e formatos empregados pola arte urbana. Apenas introduce elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de proxectos de arte urbana. Cústalle empregar as diferentes técnicas e formatos propios da arte urbana.	Non recoñece nin identifica a linguaxe, técnicas e formatos empregados pola arte urbana. Non introduce elementos de creación propia relevantes e orixinais na produción de proxectos de arte urbana. Non emprega as diferentes técnicas e formatos propios da arte urbana.

Cambio visual no espazo catalogado como feísmo	Realiza e executa un proxecto de arte urbana, coa escala apropiada, adaptado ao espazo escollido. O proxecto logra mellorar o espazo deteriorado, achegando unha reflexión crítica do uso do espazo público, respectando o medio ambiente e poñendo en valor o patrimonio local.	Realiza e executa un proxecto de arte urbana, coa escala apropiada, adaptado ao espazo escollido. O proxecto logra mellorar algún aspecto do espazo deteriorado.	Realiza e executa un proxecto empregando a linguaxe e técnicas da arte urbana, máis non adaptado ao espazo escollido. O proxecto non logra mellorar o espazo deteriorado.	Non logra realizar e executar o proxecto, ou non emprega a linguaxe e técnicas da arte urbana. O proxecto empeora o espazo escollido.
Contido: patrón organizativo e deseño	Realiza unha análise crítica e ética da temática, expoñendo os conceptos e ideas clave con claridade, ben organizado e estruturado e cunha redacción correcta que facilita a comprensión. Presenta algunha mellora das propostas.	Realiza unha análise crítica da temática, expoñendo os conceptos e ideas clave, organizado e cunha redacción correcta que facilita a comprensión.	O contido é xenérico, con baixo grao de análise crítica e ética da temática. Faltan ideas clave. O grao de organización é baixo. Presenta erros ortográficos.	O contido está incompleto, ausencia de análise crítica e ética da temática. Faltan ideas clave. O grao de organización é baixo, con erros na redacción que dificultan a comprensión.

"Rúbrica do reto", do proxecto *cREAgal*, publicada baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0